ACTA NÚMERO: **38/2026**

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 17 DE SETEMBRO DE 2026.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 17 de setembro de 2026 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: Dona María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do grupo provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:
- Dona María Beatriz del Cerro del Río, Secretaria da Deputación.
-D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
-Dona María Belén Pampín Camino, Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
-D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio
-Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda de Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 10 de setembro de 2026 (Reunión 37/2026).*
2. *Dar conta da oferta presentada por KELTIA PRODUCCIONS, S.L. (B36793081) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación de dúas actuacións de Carlos Núñez no Son Verán 2026. (Expte.- 2026060177).*
3. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do deseño, subministración en réxime aluguer e instalación de elementos lumínicos ornamentais para a campaña de Nadal en diversos edificios da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026010704).*
4. *Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante fórmulas, do procedemento aberto convocado para a contratación do deseño, subministración en réxime aluguer e instalación de elementos lumínicos ornamentais para a campaña de Nadal en diversos edificios da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026010704).*
5. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas Unity da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026048685).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante fórmulas, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas Unity da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026048685).*
7. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do acordo marco convocado para regular a contratación dun software integral de xestión de policía local para as entidades locais da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2025077418).*
8. *Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante fórmulas, do acordo marco convocado para regular a contratación dun software integral de xestión de policía local para as entidades locais da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2025077418).*

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, e Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):HRSE5QYC0WEGHR2C

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. ***Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 10 de setembro de 2026 (Reunión 37/2026).***

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión, votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 10 de setembro de 2026 (Reunión ordinaria 37/2026).

2. ***Dar conta da oferta presentada por KELTIA PRODUCCIONS, S.L. (B36793081) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación de dúas actuacións de Carlos Núñez no Son Verán 2026. (Expte.-2026060177).***

Por Resolución Presidencial número 2026007106 de data 04/09/2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade, da contratación de dúas actuacións de Carlos Núñez, nos concellos de Marín e Cangas de Morrazo, dentro do ciclo Son Verán 2026.

Na citada resolución procedeuse a invitar á empresa KELTIA PRODUCCIÓNS, S.L. (B36793081), entidade autorizada en exclusiva para a contratación e realización destas actuacións de Carlos Núñez, a presentar proposición económica, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contado dende a data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que se produce o día 07/09/2026.

A empresa KELTIA PRODUCCIÓNS, S.L. (B36793081), presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado (sen IVE)	32.000 €
IVE (21 %)	6.720 €
Importe ofertado con IVE	38.720 €

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):HRSE5QYC0WEGHR2C

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa, KELTIA PRODUCCIÓNS, S.L. (B36793081), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de dúas actuacións de Carlos Núñez, nos concellos de Marín e Cangas de Morrazo, dentro do ciclo Son Verán 2026.

3. ***Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do deseño, subministración en réxime aluguer e instalación de elementos lumínicos ornamentais para a campaña de Nadal en diversos edificios da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026010704).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno, na sesión do día 7 de agosto de 2026, adoptou o acordo de aprobación do expediente para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do *servizo de deseño, subministración en réxime aluguer e instalación de elementos lumínicos ornamentais para a campaña de Nadal en diversos edificios da Deputación de Pontevedra*.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse para a súa publicación no suplemento do Diario Oficial da Unión Europea con data 7 de agosto de 2026, resultando publicado o día 10 de agosto de 2026. Nesa mesma data, publicáronse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, o anuncio de licitación, os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

Finalizado o prazo para presentar ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 10 de setembro de 2026, procedeu á apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e, a continuación á apertura dos sobres "B", correspondentes á proposta avaliable mediante xuízos de valor.

Unha vez descargada e revisada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acordou admitir ás seguintes empresas, por lotes:

- ***Lote nº 1: Pazo Provincial, Edificio Administrativo, Xardíns do Pazo Provincial e Sede de Vigo:***
  - Creaciones Luminosas, S.L. (NIF: B36351484)
  - Geno Decoraciones y Montajes, S.L. (NIF: B36820330)
  - Tecmodeco, S.L. (NIF: B10982205)
- ***Lote nº 2: Museo de Pontevedra:***
  - Creaciones Luminosas, S.L. (NIF: B36351484)
  - Geno Decoraciones y Montajes, S.L. (NIF: B36820330)
  - Tecmodeco, S.L. (NIF: B10982205)

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):HRSE5QYC0WEGHR2C

- ***Lote nº 3: Cidade Infantil Príncipe Felipe (CIPF):***
  - Creaciones Luminosas, S.L. (NIF: B36351484)
  - Geno Decoraciones y Montajes, S.L. (NIF: B36820330)
  - Tecmodeco, S.L. (NIF: B10982205)
- ***Lote nº 4: Turismo Rías Baixas:***
  - Geno Decoraciones y Montajes, S.L. (NIF: B36820330)
  - Tecmodeco, S.L. (NIF: B10982205)

Así mesmo, acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "B" presentada polas referidas empresas, ao persoal técnico dos servizos de Arquitectura, Museo de Pontevedra, Centro Príncipe Felipe e Turismo Rías Baixas, ao obxecto de que avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Con data 15 de setembro de 2026, polos responsables de cada lote do contrato, emitíronse informes de valoración dos criterios avaliables mediante xuízos de valor (CSVs: SD8EAZMYJA9GYUYP, 7IMM5MLL7YQ3GKI4, 9YH93H58U6MRWG7G e MIHI8EYHAIMZ1MFK), sendo as puntuacións outorgadas as seguintes, por lotes:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR	Puntuación	Creaciones Luminosas, S.L.	Geno Decoraciones y Montajes, S.L.	Tecmodeco, S.L.
LOTE Nº 1				
Calidade estética, integración e coherencia da proposta de deseño	15,000	12,000	10,000	6,000
Calidade técnica e adecuación dos elementos	10,000	8,000	6,000	7,000
TOTAL SOBRE B LOTE 1	25,000	**20,000**	**16,000**	**13,000**
LOTE Nº 2				
Calidade estética, integración e coherencia da proposta de deseño	15,000	15,000	10,000	5,000
Calidade técnica e adecuación dos elementos	10,000	8,000	7,000	7,000
TOTAL SOBRE B LOTE 2	25,000	**23,000**	**17,000**	**12,0000**
LOTE Nº 3				

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):HRSE5QYC0WEGHR2C

Calidade estética, integración e coherencia da proposta de deseño	15,000	15,000	7,000	8,000
Calidade técnica e adecuación dos elementos	10,000	8,000	6,000	7,000
TOTAL SOBRE B LOTE 3	25,000	**23,000**	**13,000**	**15,000**
LOTE Nº 4				
Calidade estética, integración e coherencia da proposta de deseño	15,000	-	10,000	6,000
Calidade técnica e adecuación dos elementos	10,000	-	6,000	7,000
TOTAL SOBRE B LOTE 4	25,000	-	**16,000**	**13,000**

A Mesa de Contratación en base ó citado informe acorda:

1.- Prestar conformidade as citadas puntuacións.

2.- Que se proceda á apertura dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos das seguintes empresas, clasificadas por lotes, ao acadar unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas (12,500 puntos), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares:

- ***Lote nº 1*: *Pazo Provincial, Edificio Administrativo, Xardíns do Pazo Provincial e Sede de Vigo*:** Creaciones Luminosas, S.L. (NIF: B36351484); Geno Decoraciones y Montajes, S.L. (NIF: B36820330)e Tecmodeco, S.L. (NIF: B10982205)
- ***Lote nº 2*: *Museo de Pontevedra*:** Creaciones Luminosas, S.L. (NIF: B36351484) e Geno Decoraciones y Montajes, S.L. (NIF: B36820330)
- ***Lote nº 3*: *Cidade Infantil Príncipe Felipe (CIPF)*:** Creaciones Luminosas, S.L. (NIF: B36351484), Geno Decoraciones y Montajes, S.L. (NIF: B36820330) e Tecmodeco, S.L. (NIF: B10982205)
- ***Lote nº 4*: *Turismo Rías Baixas*:** Geno Decoraciones y Montajes, S.L. (NIF: B36820330) e Tecmodeco, S.L. (NIF: B10982205)

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):HRSE5QYC0WEGHR2C

4. ***Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante fórmulas, do procedemento aberto convocado para a contratación do deseño, subministración en réxime aluguer e instalación de elementos lumínicos ornamentais para a campaña de Nadal en diversos edificios da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026010704).***

O Secretario informa os asistentes das puntuacións acadadas nos sobres "B" pola empresas admitidas que participan no procedemento, sendo estas as seguintes, por lotes:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR	Puntuación	Creaciones Luminosas, S.L.	Geno Decoraciones y Montajes, S.L.	Tecmodeco, S.L.
LOTE Nº 1				
Calidade estética, integración e coherencia da proposta de deseño	15,000	12,000	10,000	6,000
Calidade técnica e adecuación dos elementos	10,000	8,000	6,000	7,000
TOTAL SOBRE B LOTE 1	25,000	**20,000**	**16,000**	**13,000**
LOTE Nº 2				
Calidade estética, integración e coherencia da proposta de deseño	15,000	15,000	10,000	5,000
Calidade técnica e adecuación dos elementos	10,000	8,000	7,000	7,000
TOTAL SOBRE B LOTE 2	25,000	**23,000**	**17,000**	**12,0000**
LOTE Nº 3				
Calidade estética, integración e coherencia da proposta de deseño	15,000	15,000	7,000	8,000
Calidade técnica e adecuación dos elementos	10,000	8,000	6,000	7,000
TOTAL SOBRE B LOTE 3	25,000	**23,000**	**13,000**	**15,000**
LOTE Nº 4				

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):HRSE5QYC0WEGHR2C

Calidade estética, integración e coherencia da proposta de deseño	15,000	-	10,000	6,000
Calidade técnica e adecuación dos elementos	10,000	-	6,000	7,000
TOTAL SOBRE B LOTE 4	25,000	-	**16,000**	**13,000**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera, en cada procedemento de licitación, un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á desencriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "C" das empresas participantes e admitidas no procedemento e que acada unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante xuízos de valor nos lotes, sendo os valores ofertados os seguintes:

CREACIONES LUMINOSAS, S.L. (NIF: B36351484)

1.- Prezo total ofertado:

	LOTE Nº 1	LOTE Nº 2	LOTE Nº 3
Importe total, sen o IVE	31.800,00 €	8.450,00 €	22.000,00 €
IVE (21 %)	6.678,00 €	1.774,50 €	4.620,00 €
Importe total. IVE engadido	38.478,00 €	10.224,50 €	26.620,00 €

2.- Redución dos tempos de resolución de avarías (t):

	LOTE Nº 1	LOTE Nº 2	LOTE Nº 3
$t \leq 6$ h	X	X	X
6 h $< t \leq$ 12 h			
12 h $< t \leq$ 18 h			

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):HRSE5QYC0WEGHR2C

18 h < t < 24 h			
t ≤ 24 h (tempo de resposta esixido no PPTP)			

3.- Adición de elementos ornamentais:

LOTE nº 1:

☒ Non oferta árbores decoradas por riba do mínimo esixido no PPT (10 árbores).

☐ Oferta 20 árbores decoradas por riba do mínimo esixido no PPT.

☐ Oferta 30 árbores decoradas, por riba do mínimo esixido no PPT.

LOTE nº 2:

☐ Non oferta estruturas luminosas 3D, por riba do mínimo esixido no PPT (3 estruturas).

☐ Oferta 4 estruturas luminosas 3D, por riba do mínimo esixido no PPT.

☒ Oferta 5 estruturas luminosas 3D, por riba do mínimo esixido no PPT.

LOTE nº 3:

☒ Non oferta elementos ornamentais adicionais, conforme aos esixidos no PPTP.

☐ Oferta 5 motivos luminosos adicionais aos mínimos esixidos no PPT na fachada do centro Agarimo.

☐ Oferta 1 estrutura luminosa 3D adicional de, como mínimo, 3m cúbicos de volume.

GENO DECORACIONES Y MONTAJES, S.L. (NIF: B36820330)

1.- Prezo total ofertado:

	LOTE Nº 1	LOTE Nº 2	LOTE Nº 3	LOTE Nº 4
Importe total, sen o IVE	30.882,00 €	8.450,00 €	19.200,00 €	67.760,00 €
IVE (21 %)	6.485,22€	1.774,50 €	4.032,00 €	14.229,60 €
Importe total. IVE engadido	37.367,22€	10.224,50 €	25.232,00 €	81.989,60 €

2.- Redución dos tempos de resolución de avarías (t):

	LOTE Nº 1	LOTE Nº 2	LOTE Nº 3	LOTE Nº 4
t ≤ 6 h				

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):HRSE5QYC0WEGHR2C

6 h < t ≤ 12 h				
12 h < t ≤ 18 h				
18 h < t < 24 h	X	X	X	X
t ≤ 24 h (tempo de resposta esixido no PPTP)				

3.- Adición de elementos ornamentais:

LOTE nº 1:

☐ Non oferta árbores decoradas por riba do mínimo esixido no PPT (10 árbores).

☒ Oferta 20 árbores decoradas por riba do mínimo esixido no PPT.

☐ Oferta 30 árbores decoradas, por riba do mínimo esixido no PPT.

LOTE nº 2:

☒ Non oferta estruturas luminosas 3D, por riba do mínimo esixido no PPT (3 estruturas).

☐ Oferta 4 estruturas luminosas 3D, por riba do mínimo esixido no PPT.

☐ Oferta 5 estruturas luminosas 3D, por riba do mínimo esixido no PPT.

LOTE nº 3:

☐ Non oferta elementos ornamentais adicionais, conforme aos esixidos no PPTP.

☒ Oferta 5 motivos luminosos adicionais aos mínimos esixidos no PPT na fachada do centro Agarimo.

☐ Oferta 1 estrutura luminosa 3D adicional de, como mínimo, 3m cúbicos de volume.

LOTE nº 4:

☐ Non oferta camelias iluminados no Castelo de Soutomaior, por riba esixido no prego técnico (10 camelias).

☒ Oferta 25 camelias iluminados no Castelo de Soutomaior, por riba esixido no prego técnico.

☐ Oferta 30 camelias iluminados no Castelo de Soutomaior, por riba esixido no prego técnico.

TECMODECO, S.L. (NIF: B10982205)

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):HRSE5QYC0WEGHR2C

1.- Prezo total ofertado:

	LOTE Nº 1	LOTE Nº 3	LOTE Nº 4
Importe total, sen o IVE	29.950,00 €	20.700,00 €	70.140,00 €
IVE (21 %)	6.289,50 €	4.347,00 €	14.729,40 €
Importe total. IVE engadido	36.239,50 €	25.028,92 €	84.869,40 €

2.- Redución dos tempos de resolución de avarías (t):

	LOTE Nº 1	LOTE Nº 3	LOTE Nº 4
t ≤ 6 h	X	X	X
6 h < t ≤ 12 h			
12 h < t ≤ 18 h			
18 h < t < 24 h			
t ≤ 24 h (tempo de resposta esixido no PPTP)			

3.- Adición de elementos ornamentais:

LOTE nº 1:

☐ Non oferta árbores decoradas por riba do mínimo esixido no PPT (10 árbores).

☐ Oferta 20 árbores decoradas por riba do mínimo esixido no PPT.

☒ Oferta 30 árbores decoradas, por riba do mínimo esixido no PPT.

LOTE nº 3:

☐ Non oferta elementos ornamentais adicionais, conforme aos esixidos no PPTP.

☒ Oferta 5 motivos luminosos adicionais aos mínimos esixidos no PPT na fachada do centro Agarimo.

☒ Oferta 1 estrutura luminosa 3D adicional de, como mínimo, 3m cúbicos de volume.

LOTE nº 4:

☐ Non oferta camelias iluminados no Castelo de Soutomaior, por riba esixido no prego técnico (10 camelias).

☐ Oferta 25 camelias iluminados no Castelo de Soutomaior, por riba esixido no prego técnico.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):HRSE5QYC0WEGHR2C

☒ Oferta 30 camelias iluminados no Castelo de Soutomaior, por riba esixido no prego técnico.

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar algunha oferta incursa en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

5. ***Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas Unity da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026048685).***

O Secretario comenta que por Resolución Presidencial número 2026006681 de data 18/08/2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado do Servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento e cabinas Unity da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 20-08-2026. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión do día 10-09-2026, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes empresas:

- -ECONOCOM SERVICIOS S.A. (A28816379)
- -RICOH SPAIN IT SERVICES SLU (B66068081)

A Mesa na reunión do día 10 de setembro de 2026 tamén procedeu a trasladar a documentación técnica ao persoal técnico do servizo de Novas Tecnoloxías para a súa valoración.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):HRSE5QYC0WEGHR2C

Examinada a documentación presentada por ECONOCOM SERVIZOS, S.A. polo persoal técnico do Servizo de Novas Tecnoloxías, e para poder efectuar a valoración técnica en relación co requisito establecido no apartado 4.10.2 do Prego de Prescricións Técnicas, relativo á acreditación da condición de partner certificado do fabricante DELL, con capacidade oficial para prestar os servizos requiridos sobre a tecnoloxía UNITY, poñen de manifesto que a documentación achegada non permite determinar de forma clara e inequívoca o alcance da acreditación invocada.

En concreto, achegouse unha carta de Dell Technologies na que se acredita que ECONOCOM SERVIZOS, S.A. participa no Dell Technologies Partner Program como Channel Partner, ostentando o nivel Platinum durante 2025, así como certificados individuais correspondentes a tres profesionais coa certificación Specialist – Implementation Engineer, Dell EMC Unity Solutions Version 2.0. Esta documentación, a xuízo dos técnicos, non é unha documentación que permita acreditar de forma inequívoca o cumprimento do prego.

A Mesa de Contratación, á vista do informe técnico emitido polo Servizo de Novas Tecnoloxías, precisa dispor dunha aclaración respecto da acreditación do requisito previsto no apartado 4.10.2 do Prego de Prescricións Técnicas, motivo polo que acorda:

1. Propor ao órgano de contratación que lle efectúe un requirimento á empresa ECONOCOM SERVIZOS, S.A. (A28816379) para que acredite documentalmente, de forma clara e inequívoca, ser partner certificado de DELL especificamente habilitado polo fabricante para prestar servizos de soporte e mantemento sobre a tecnoloxía UNITY obxecto do contrato e, en caso afirmativo, cal era o alcance concreto da devandita habilitación.

2. Propor así mesmo ao órgano de contratación que lle conceda a empresa ECONOCOM SERVIZOS, S.A., un prazo de tres días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da recepción do requirimento, para que presente a aclaración e, no seu caso, a documentación xustificativa indicada.

3. Advertirlle a empresa ECONOCOM SERVIZOS, S.A., cunha vez transcorrido este prazo sen que se atenda o solicitado no requirimento, continuarase a tramitación do procedemento e resolveráse sobre o cumprimento do requisito previsto no apartado 4.10.2 do PPT á vista da documentación obrante no expediente.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):HRSE5QYC0WEGHR2C

6. ***Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante fórmulas, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas Unity da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2026048685).***

A Presidenta decide retirar o asunto da orde do día debido a que no punto anterior non se chegou a aprobar as valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes a documentación avaliable mediante xuízos de valor deste procedemento aberto simplificado. O motivo e que a Mesa de Contratación proponlle ao órgano de contratación que lle efectúe un requirimento á empresa ECONOCOM SERVIZOS, S.A. (A28816379) para que acredite documentalmente, de forma clara e inequívoca, ser partner certificado de DELL especificamente habilitado polo fabricante para prestar servizos de soporte e mantemento sobre a tecnoloxía UNITY obxecto do contrato e, en caso afirmativo, cal era o alcance concreto da devandita habilitación.

7. ***Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do acordo marco convocado para regular a contratación dun software integral de xestión de policía local para as entidades locais da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2025077418).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, na sesión de data 30 de xullo de 2026, procedeuse á desencriptación e descarga da documentación dos sobres "B", correspondentes ás ofertas avaliables mediante xuízos de valor, presentadas polas empresas ó procedemento referenciado.

Unha vez descargadas as ofertas técnicas, a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación ao persoal técnico do Servizo de Novas Tecnoloxías.

Con data 7-09-2026, a Xefa do Servizo de Novas Tecnoloxías emitíu o correspondente informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polas empresas licitadoras con (CSV: T8PGIK2YCKTXV4DX), sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:

CRITERIO	Máximo	Telefónica	Eurocop	Almerimatik	Nubelco

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):HRSE5QYC0WEGHR2C

Descrición detallada do servizo					
Proposta de metodoloxía e xestión de incidencias para a prestación do servizo	5,00	3,80	3,00	3,10	4,50
Plan de implantación	5,00	4,80	3,20	3,50	4,80
Plan de formación	6,00	5,20	3,50	4,50	5,00
Características da solución proposta	9,00	8,00	4,50	7,40	7,80
TOTAIS	25,00	21,80	14,20	18,50	22,10

A Mesa de Contratación, en base a dito informe, acorda:

1) Prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas na valoración da documentación técnica dos Sobres "B".

2) Proceder á apertura dos Sobres "C", relativos ás ofertas avaliables mediante criterios automáticos, das 4 empresas presentadas ao procedemento (Telefónica, Eurocop, Almerimatik e Nubelco), ao acadar todas elas unha puntuación mínima do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante xuízos de valor.

8. Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante fórmulas, do acordo marco convocado para regular a contratación dun software integral de xestión de policía local para as entidades locais da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2025077418).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que no punto anterior aprobouse, a valoración da documentación contida nos Sobres "B", co seguinte resultado:

CRITERIO	Máximo	Telefónica	Eurocop	Almerimatik	Nubelco
Descrición detallada do servizo					
Proposta de metodoloxía e xestión de incidencias para a prestación do servizo	5,00	3,80	3,00	3,10	4,50
Plan de implantación	5,00	4,80	3,20	3,50	4,80
Plan de formación	6,00	5,20	3,50	4,50	5,00

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):HRSE5QYC0WEGHR2C

Características da solución proposta	9,00	8,00	4,50	7,40	7,80
TOTAIS	25,00	21,80	14,20	18,50	22,10

A continuación procédese a efectuar á apertura dos Sobres "C", correspondentes coas ofertas avaliables mediante fórmulas, das empresas admitidas que non resultaron excluídas.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia da Plataforma de Contratación do Sector Público, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desencriptación e descarga da documentación dos sobres "C", correspondentes coas ofertas avaliables mediante criterios automáticos, presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Os valores ofertados foron os seguintes:

Nubelco Software S.L. (B88275623)

1. Características valorables de la solución

	Funcionalidades valorables para a solución		
ID	**Funcionalidade**	**Puntos**	**Incluída [Si/No]**
FN 1	Base de Software Libre	**1,5**	**Si**

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):HRSE5QYC0WEGHR2C

FN 2	API Aberta y documentada	**3,5**	**Si**
FN 3	Xestión del coñecemento y formación	**0,5**	**Si**
FN 4	Xestión de Recursos Humanos extendida	**3,5**	**Si**
FN 5	Módulo de tramitación de procedementos Xudiciais	**2,5**	**Si**
FN 6	Módulo de Seguridade Cidadán	**2,5**	**Si**
FN 7	Módulo de Mobilidade Urbana	**2,5**	**Si**
FN 8	Módulo de Medio Ambiente	**1,5**	**Si**
FN 9	Módulo de Informes	**1,5**	**Si**
FN 10	Módulo de Libro de Rexistro	**2,5**	**Si**
FN 11	Módulo de Trámites Administrativos Asociados a la Policía	**1,5**	**Si**
FN 12	Xestión de Sala	**1,5**	**Si**
FN 13	Módulo de Asistencias	**1,5**	**Si**

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):HRSE5QYC0WEGHR2C

FN 14	Módulo de comunicacións	**1,5**	**Si**
FN 15	Módulo de xestión de tráfico	**1,5**	**Si**
FN 16	Módulo de axuda y contacto a soporte	**0,5**	**Si**
FN 17	Documentación preformateada	**10**	**Si**

2.- Prezo ofertado para a cota anual de pago por uso para a solución base (en euros/con IVE):

CUOTA ANUAL DE PAGO POR USO DE LA SOLUCIÓN PARA CADA TIPO DE AYUNTAMIENTO EN FUNCIÓN DE SU NÚMERO DE HABITANTES	IMPORTE MÁXIMO (con IVE)	OFERTA LICITADOR (€ con IVE)	Coeficiente (Ci)
Concellos de ata 5.000 habitantes	6.255,70 €	3.315,40 €	0,35
Concellos dende 5.001 ata 10.000 habitantes	8.584,95 €	7.139,00 €	0,20
Concellos dende 10.001 ata 20.000 habitantes	9.516,65 €	7.865,00 €	0,25
Concellos dende 20.001 ata 40.000 habitantes	13.443,10 €	9.353,30 €	0,20

3.-Prezo ofertado para a cota anual de pago por uso para os módulos adicionais e opcionais á solución (en euros/con IVE):

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):HRSE5QYC0WEGHR2C

Deputación Pontevedra

Módulo de telefonía (MD.1)

MÓDULO DE TELEFONIA (MD.1)	IMPORTE MÁXIMO (con IVE)	Coeficiente (Ci)	OFERTA LICITADOR (€ con IVE)
Concellos de ata 5.000 habitantes	**1.098,08 €**	0,10	**933,37 €**
Concellos dende 5.001 ata 10.000 habitantes	**1.430,83 €**	0,09	**1.216,21 €**
Concellos dende 10.001 ata 20.000 habitantes	**1.697,03 €**	0,08	**1.442,48 €**
Concellos dende 20.001 ata 40.000 habitantes	**2.096,33 €**	0,07	**1.781,88 €**

Módulo de analítica de vídeo (MD.2)

MÓDULO DE VIDEO ANALITICA (MD.2)	IMPORTE MÁXIMO (con IVE)	Coeficiente (Ci))	OFERTA LICITADOR (€ con IVE)
Concellos de ata 5.000 habitantes	**2.495,63 €**	0,10	**2.121,29 €**
Concellos dende 5.001 ata 10.000 habitantes	**2.828,38 €**	0,09	**2.404,12 €**
Concellos dende 10.001 ata 20.000 habitantes	**3.294,23 €**	0,08	**2.800,10€**
Concellos dende 20.001 ata 40.000 habitantes	**3.926,45 €**	0,06	**3.337,48 €**

Módulo de intelixencia artificial (IA) (MD.3)

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):HRSE5QYC0WEGHR2C

MÓDULO DE INTELIGENCIA ARTIFICIAL (IA) (MD.3)	IMPORTE MÁXIMO (con IVE)	Coeficiente (Ci)	OFERTA LICITADOR (€ con IVE)
Concellos de ata 5.000 habitantes	**332,75 €**	0,10	282,84 €
Concellos dende 5.001 ata 10.000 habitantes	**665,50 €**	0,09	**565,67 €**
Concellos dende 10.001 ata 20.000 habitantes	**1.164,63 €**	0,08	**989,94 €**
Concellos dende 20.001 ata 40.000 habitantes	**1.830,13 €**	0,06	**1.555,61 €**

EUROCOOP SECURITY SYSTEMS S.L. (B84137470)

1.- Características valorables de la solución

	Funcionalidades valorables para a solución		
ID	**Funcionalidade**	**Puntos**	**Incluída [Si/No]**
FN 1	Base de Software Libre	**1,5**	**Si**
FN 2	API Aberta y documentada	**3,5**	**Si**
FN 3	Xestión del coñecemento y formación	**0,5**	**Si**
FN 4	Xestión de Recursos Humanos extendida	**3,5**	**Si**

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):HRSE5QYC0WEGHR2C

FN 5	Módulo de tramitación de procedementos Xudiciais	**2,5**	**Si**
FN 6	Módulo de Seguridade Cidadán	**2,5**	**Si**
FN 7	Módulo de Mobilidade Urbana	**2,5**	**Si**
FN 8	Módulo de Medio Ambiente	**1,5**	**Si**
FN 9	Módulo de Informes	**1,5**	**Si**
FN 10	Módulo de Libro de Rexistro	**2,5**	**Si**
FN 11	Módulo de Trámites Administrativos Asociados a la Policía	**1,5**	**Si**
FN 12	Xestión de Sala	**1,5**	**Si**
FN 13	Módulo de Asistencias	**1,5**	**Si**
FN 14	Módulo de comunicacións	**1,5**	**Si**
FN 15	Módulo de xestión de tráfico	**1,5**	**Si**

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):HRSE5QYC0WEGHR2C

FN 16	Módulo de axuda y contacto a soporte	0,5	Si
FN 17	Documentación preformateada	10	Si

2.- Prezo ofertado para a cota anual de pago por uso para a solución base (en euros/con IVE):

CUOTA ANUAL DE PAGO POR USO DE LA SOLUCIÓN PARA CADA TIPO DE AYUNTAMIENTO EN FUNCIÓN DE SU NÚMERO DE HABITANTES	IMPORTE MÁXIMO (con IVE)	OFERTA LICITADOR (€ con IVE)	Coeficiente (Ci)
Concellos de ata 5.000 habitantes	6.255,70 €	4.566,66€	0,35
Concellos dende 5.001 ata 10.000 habitantes	8.584,95 €	6.267,01€	0,20
Concellos dende 10.001 ata 20.000 habitantes	9.516,65 €	6.947,15€	0,25
Concellos dende 20.001 ata 40.000 habitantes	13.443,10 €	9.813,46€	0,20

3.-Prezo ofertado para a cota anual de pago por uso para os módulos adicionais e opcionais á solución (en euros/con IVE):

Módulo de telefonía (MD.1)

MÓDULO DE TELEFONIA (MD.1)	IMPORTE MÁXIMO (con IVE)	Coeficiente (Ci)	OFERTA LICITADOR (€ con IVE)

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):HRSE5QYC0WEGHR2C

Firmado por: MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ - ***9585**
Cargo: Deputada delegada
Data: 23/09/2026 13:23

Concellos de ata 5.000 habitantes	**1.098,08 €**	0,10	801,59
Concellos dende 5.001 ata 10.000 habitantes	**1.430,83 €**	0,09	1044,50
Concellos dende 10.001 ata 20.000 habitantes	**1.697,03 €**	0,08	1.238,83€
Concellos dende 20.001 ata 40.000 habitantes	**2.096,33 €**	0,07	1.530,33€

Módulo de analítica de vídeo (MD.2)

MÓDULO DE VIDEO ANALITICA (MD.2)	IMPORTE MÁXIMO (con IVE)	Coeficiente (Ci))	OFERTA LICITADOR (€ con IVE)

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e vinte minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

Firmado por: PABLO MONTERO CARRERA - ***2658**
Cargo: Xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio
Data: 23/09/2026 11:48

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):HRSE5QYC0WEGHR2C